

## Concurso de méritos: prazas sometidas a convenio.

Na relación de prazas ofertadas vemos que algunhas foron ofertadas o ano pasado. Solicitamos que se nos informe sobre todas as prazas vacantes queremos saber se houbo que cubrir algunha que quedase deserta.

**Reclamamos unha praza do ámbito das ciencias sociais, preferentemente Xeografía e Historia no CP Mestre José Rábade.** Na actualidade hai 4 docentes en comisión de servizos e 1 praza (XeH) que se cobre con destino provisional.

Como en anos anteriores solicitamos que non se restrinxa o acceso a estas prazas ao persoal interino, respectando a preferencia do funcionariado de carreira e mantendo ao persoal interino na praza durante o tempo de duración da comisión sempre que lle corresponda traballar polas listas.

A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

Os convenios con entidades privadas deben limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes.

### **Propostas ao baremo e texto da convocatoria**

**Artigo 5.1.** Solicitamos nesta convocatoria, como en todas, unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas ou perfís que se solicitan. Inclúese ao director da área de solucións tecnolóxicas do AMTEGA e é de supoñer que será polas prazas Abalar. O normal é buscar outros perfís adaptados para as demais prazas.

**Artigo 6.** Estamos en desacordo coa entrevista e pedimos que se retire. De existir só tería sentido se estivese razoada polas dúbidas que lle poidan xurdir á comisión para prazas cun perfil moi técnico. Na maioría dos casos non ten o menor sentido. Por outro lado, o proxecto non debe ser eliminatorio.

**Baremo. Punto 3.** Propomos unha modificación deste apartado, ao entender que a nosa proposta se adapta

centro con prazas de convenio	prazas
Escola de Especialidades Antonio de Escaño (Ferrol)	10
Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña (Ferrol)	6
CIFP de Coia-Vigo	5
Complexo Hospitalario Universitario (A Coruña)	1
Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo)	1
Centro Público Mestre José Rábade Arias (Rábade)	2
Centro Montealegre (Ourense)	1
Secretaría Xeral para o Deporte en Lugo	1
ONCE en Coruña	1
ONCE en Ourense	1
ONCE no Santiago Apóstolo (Pontevedra)	1
ASPANAES (A Coruña)	1
AFEXDI (Santiago de Compostela)	1
ASPAS (Santiago de Compostela)	1
Coordinador de área de equipos de normalización da lingua galega da provincia de Pontevedra.	1
AMTEGA. Asesor XADE (Santiago de Compostela)	1
AMTEGA. Asesor Abalar (Santiago de Compostela)	1

mellor á tipoloxía de méritos que se poden alegar, sen incrementar os 6 puntos totais.

3.1. Como está, cursos superados e homologados. 1,5 puntos.

3.2. Cursos impartidos e homologados. 1,5 puntos

3.3. Actividades de formación superadas directamente relacionadas co posto ao que se opta. 1,5 puntos.

3.4. Actividades de formación impartidas directamente relacionadas co posto ao que se opta. 1.5 puntos.

**Baremo. Punto 4.** Solicitamos que o proxecto se faga en galego.